



2 Conde destaca que os novos responsables da área de emprego sumarán esforzos para darlle “un novo pulo” á creación de postos de traballo



12 O presidente da Xunta, na toma de posesión dos novos conselleiros e conselleiras

14 Rey Varela sinala que os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2016 terán como eixe a recuperación das persoas e familias que peor o pasaron coa crise

3 Conde inicia os encontros cos axentes sociais económicos e sociais para intensificar políticas activas de emprego que dean resposta ás necesidades do tecido produtivo

8 Informe do paro rexistrado

Galicia volve a niveis de desemprego inferiores aos de outubro do ano 2010

10 EPA

Enquisa de poboación activa 3º trimestre de 2015

20 Publicacións

Catálogo de publicacións na web



Sumario	Traballo	2-11	Xuventude e voluntariado	18-19
	Informe do paro rexistrado	8-9	Publicacións	20-22
	Política social	12-17	Normativa	23-32

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar (ver disposición transitoria primeira do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia) (DOG Núm.194 do 09.09.2015).
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo. Maquetación: Antonio Lameiro Ces
	ISSN: 2254-7835



O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, presidiu a toma de posesión dos novos responsables de Emprego: a a secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús, e o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marnotes González. Autor: Conchi Paz

Conde destaca que os novos responsables da área de emprego sumarán esforzos para darlle “un novo pulo” á creación de postos de traballo

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, preside a toma de posesión de Covadonga Toca Carús como nova secretaria xeral de Emprego, e de Alfonso Marnotes González como director xeral de Orientación e Promoción Laboral
- ▶ Defende a vocación pública, a “profesionalidade e a capacidade de liderado” de ambos os profesionais
- ▶ Resalta que a taxa de desemprego baixou en Galicia do 23,2% ao 17,7% en pouco máis dun ano, pero apunta que “hai que facer máis” para que os bos datos macroeconómicos beneficien as familias galegas.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, presidiu a toma de posesión dos novos responsables de Emprego: a secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús, e o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marnotes González. Son “dúas persoas chamadas a liderar un renovado pulo ao emprego, dous profesionais que xa teñen probada a súa capacidade de xestión e de acadar obxectivos, o seu

liderado, e por riba de todo a súa vocación de servizo público”, dixo.

Conde resaltou que Covadonga Toca conta cunha ampla formación en dereito e riscos e relacións laborais, e vén de facer “un magnífico labor” como secretaria xeral do Igape, que asumiu tras traballar como xerente da Fundación de Fomento para a Calidade Industrial, e como secretaria xeral da Cámara de Comercio de Ourense, do Consello Social da Universidade de Santiago, e da Confederación de Empresarios de Ourense.

Pola súa parte, destacou que Alfonso Marnotes é experto en dereito español e europeo, e ten un amplo coñecemento de políticas públicas europeas e galegas, como funcionario de carreira do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia e técnico de Administración local. Con esa formación, ten desempeñado “con profesionalidade, seriedade, rigor e iniciativa” o labor de técnico e secretario do Concello de Cangas, e dende xullo de 2009, o de vicesecretario xeral da consellería de Economía e Industria.

O conselleiro subliñou que este renovado esforzo polo emprego en Galicia nace dun “esperanzador punto de partida”, tras pasar Galicia do 23,2% ao 17,7% de taxa de desemprego en pouco máis dun ano, ampliando o diferencial positivo con España en 3,5 puntos. “A tendencia é boa, pero non é suficiente: hai que

facer máis, xestionando e consolidando a recuperación e o crecemento”, apuntou o conselleiro, que reivindicou “un novo esforzo e unha nova coordinación” para darlle un pulo renovado á creación de emprego, apostando porque cada galego teña a oportunidade de optar a un traballo estable de calidade, de forma que os bos datos macroeconómicos beneficien de forma directa e perceptible as familias galegas.

Para facer fronte a ese reto, sinalou Conde, o labor da consellería estará centrado en atopar sinerxias e aplicar políticas de emprego activas, para responder as necesidades do tecido empresarial e dos traballadores galegos. “Hoxe damos un novo paso no noso camiño, coa elección de dous membros clave do equipo que, de seguro, contribuirán de forma moi positiva ao emprego da nosa comunidade”, defendeu.

Conde inicia os encontros cos axentes sociais económicos e sociais para intensificar políticas activas de emprego que dean resposta ás necesidades do tecido produtivo

- ▶ Nas xuntanzas o conselleiro incidiu na importancia de unir esforzos para identificar iniciativas conxuntas que permitan mellorar os datos de emprego e as condicións nas que este se desenvolve
- ▶ Sinala a aposta por redobrar o esforzo dentro do diálogo social como ferramenta clave para favorecer o entendemento.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, iniciou unha rolda de contactos cos sindicatos e os principais axentes económicos e sociais para escoitar as diferentes achegas e definir e intensificar novas políticas activas de emprego no actual contexto económico.

Así, Conde reuniuse co secretario xeral de CCOO en Galicia, José Manuel Sánchez Aguión; co secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; e co presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Demetrio Fernández. Os encontros cos diferentes axentes continuarán ao longo dos vindeiros días.

Tal e como salientou o conselleiro de Economía, Emprego e Industria en declaracións aos medios, o obxectivo destas reunións é “ver como podemos xuntar esforzos e identificar puntos de encontro para que a recuperación económica veña acompañada por unha política de incentivo do emprego e de iniciativas de formación que permitan dar resposta ás necesidades reais do noso tecido produtivo”.

Conde tamén sinalou a aposta por redobrar os esforzos dentro do diálogo social como “ferramenta clave para favorecer o entendemento” e que toda a política de formación e incentivo do emprego dea resposta ao obxectivo prioritario de “permitir a mellora dos datos de emprego e das condicións nas que se está a desenvolver ese emprego”.

Nos encontros incidíuse, así

mesmo, na orientación do traballo da Consellería no impulso a novas iniciativas de cara aos mozos, a conciliación laboral e familiar ou a xeración de emprego de calidade en Galicia.

Conde avalía co presidente da Confederación de Empresarios novas iniciativas para impulsar o emprego de calidade en Galicia

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, mantivo un encontro co presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, José Manuel Fernández Alvarinho, no marco da rolda de contactos que está a desenvolver cos principais axentes económicos e sociais para definir e intensificar novas políticas activas de emprego no actual contexto económico.

No encontro, no que se avaliaron novas iniciativas conxuntas para impulsar o emprego de calidade en Galicia, salientouse a necesidade de que as iniciativas tanto no eido da formación como da incentivación do emprego dean resposta á demanda do tecido empresarial da comunidade no actual contexto de recuperación económica, potenciando a retención do talento e a especialización do capital humano.

Conde sinalou o importante esforzo que están a facer os empresarios galegos para a recuperación do emprego en Galicia, e fixo fincapé na aposta pola diversificación industrial do Goberno

galego. Neste sentido, lembrou a Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, que se fixa entre os seus obxectivos a creación de 50.000 novos empregos de calidade ata o ano 2020.

Do mesmo xeito, salientouse a aposta tanto por reforzar sectores estratéxicos da economía galega –agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil–, como de impulsar outros emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou a biomasa.

Conde avalía coa CIG novas medidas para continuar a crear emprego estable e de calidade en Galicia

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, reuniuse este mediodía co secretario xeral da Confederación Intersindical Galega (CIG), Xesús Seixo, así como co secretario confederal de Emprego desta organización, Miguel Malvido, no marco da rolda de contactos cos principais axentes económicos e sociais para escoitar as diferentes achegas e definir novas medidas para continuar a crear emprego estable e de calidade en Galicia.

Na reunión entre Francisco Conde e os representantes da

CIG sinalouse o diálogo social como marco de entendemento fundamental, co obxectivo común de mellorar os datos de emprego e as condicións nas que se está a desenvolver.

Conde traslada ao CSI-F a total colaboración para seguir a impulsar a creación de emprego en Galicia

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, reuniuse hoxe co reelixido onte presidente autonómico de CSI-F Galicia, José Francisco Méndez Castro, no marco da rolda de contactos cos principais axentes económicos e sociais para definir novas políticas de cara a continuar a impulsar o emprego en Galicia.

O encontro permitiu achegar posturas e reforzar a colaboración na procura de consolidar a recuperación e contribuír a manter o ritmo de xeración de postos de traballo. O obxectivo, tal e como salientou Conde, é potenciar esta cooperación unindo esforzos para identificar proxectos que creen emprego de calidade, permitindo que o crecemento chegue aos traballadores e ao conxunto da cidadanía, e apostando por políticas activas de emprego con especial atención aos parados de longa duración e os mozos, así como á conciliación laboral e familiar.

<http://cgri.xunta.es/index.asp>



A aula móbil do programa de Garantía Xuvenil comeza en Vigo unha ruta que percorrerá máis de vinte municipios

- ▶ Achégase así aos mozos galegos de ata 29 anos unha iniciativa a través da cal poderán recibir unha oferta de emprego, de educación continua ou un período de prácticas nun prazo de catro meses tras acabar a educación formal ou quedar desempregados
- ▶ A aula, de libre acceso, estará instalada mañá e o sábado na Estación Marítima, onde se celebra a Feira Empregalia, e contará coa presenza continua de dous técnicos de emprego.

Vigo, 15 de outubro de 2015.- A aula móbil do programa de Garantía Xuvenil, que impulsa a Consellería de Economía, Emprego e Industria, botou a andar o venres 16 de outubro en Vigo no marco das actividades da feira Empregalia. Durante os vindeiros meses, esta aula percorrerá máis de vinte localidades galegas para informar os mozos e mozas de entre 16 e 29 anos das oportunidades laborais que poden atopar dentro deste proxecto.

O obxectivo do programa de Garantía Xuvenil é que os participantes poidan recibir unha oferta de emprego; de educación continua; formación de aprendiz ou acceder a un período de prácticas nun prazo de catro meses despois de acabar a educación formal ou quedar desempregados.

Para acadar este fin, o programa de Garantía Xuvenil vertébrase en catro eixos: mellora da intermediación (servizo de orientación e información laboral); mellora da empregabilidade (obradoiros de emprego, prácticas non laborais en empresas); estímulos á contratación (bonificacións e incentivos a empresarios que contraten a mozos e mozas inscritos no sistema nacional de Garantía Xuvenil) e fomento do emprendemento (axudas á creación de empresas propias e cooperativas).

Para máis información, pódese visitar o sitio web do programa de Garantía Xuvenil (garantiajuvenil.xunta.es), así como os perfís habilitados en Facebook e Twitter.

<http://garantiajuvenil.xunta.es/gaxuve/gl/>



Conde destaca o papel de Empregalia como “porta aberta ao emprego” que facilita as relacións profesionais e a xeración de postos de traballo

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria sinala que a Feira reúne, unha vez máis, a empresas dos diferentes sectores que ofrecen nesta edición o maior número de ofertas de emprego, “signo inequívoco da recuperación económica”
- ▶ Salienta que a Xunta traballa para que a recuperación chegue a todos os fogares, impulsando o diálogo social e a conciliación laboral e intensificando políticas activas para a especialización do capital humano

Vigo, 16 de outubro de 2015.- O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, visitou os stands de Empregalia 2015, na Estación Marítima de Vigo, onde salientou o papel da Feira como “porta aberta ao emprego”, que contribuirá á xeración de novos postos de traballo e permitirá intensificar as relacións profesionais, adecuando os perfís dos participantes ás necesidades das empresas galegas.

“Empregalia é un exemplo das posibilidades que ofrece a cooperación e o traballo coordinado para impulsar e xerar emprego”, subliñou o conselleiro. Neste sentido, lembrou, a Feira, que alcanza a súa terceira edición, reuniu nos dous primeiros anos a máis de 60 empresas coas súas correspondentes ofertas laborais, facilitando a contratación de 218 traballadores.

Neste marco, destacou o titular de Economía, Emprego e Industria, Empregalia xunta unha vez máis a empresas de diferentes sectores produtivos, que ofrecen nesta edición o maior número de ofertas de emprego, “signo inequívoco da recuperación económica”. Sobre esta base, avogou por

seguir traballando para levar esta recuperación a todos os fogares. Unha meta que se está a focalizar no impulso do diálogo social e a conciliación da vida familiar e laboral; na intensificación de políticas activas que potencien a especialización do capital humano; e no emprego xuvenil e de parados de longa duración, achegando a formación adecuada.

Precisamente neste eido, explicou Conde, a Consellería vén de activar o programa de Garantía Xuvenil, habilitando unha unidade móbil que percorrerá diferentes concellos, e que comeza a súa andadura nesta Feira co obxectivo de achegar aos mozos galegos ofertas laborais, procesos de educación continua ou prácticas.

Deste xeito, proseguíu o conselleiro, a Xunta aspira a formar e reter o mellor talento galego en beneficio da mellora competitiva do tecido produtivo. Unha aspiración que se enmarca, lembrou, no marco da Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0, que está a desenvolver o Goberno galego na procura dunha “industria competitiva, intelixente, diferenciada e xeradora de emprego”, coa meta de crear 50.000 novos empregos de calidade ata o 2020.

<https://www.facebook.com/empregalia.vigo/>



Conde destaca o plan para conectar a empresarios e emprendedores como unha oportunidade para “manter e xerar postos de traballo”

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, presenta o Plan de transmisión de empresas, no que o Goberno central e a Xunta colaboran para poñer en contacto a empresarios que queiran vender a súa peme con investidores dispostos a asumir o mando da entidade
- ▶ Defende os beneficios que o sistema achegará para as empresas familiares, onde a falta de sucesión pode poñer en risco os empregos
- ▶ O Igape será en Galicia o interlocutor entre as empresas que se desexen traspasar e os emprendedores interesados en herdar a súa actividade, funcionando como asesor durante todo o proceso.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2015.- O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, destacou que o Plan de transmisión de empresas, no que colaboran o Goberno central e a Xunta, e que permitirá conectar a empresarios que queiran ceder a súa compañía con emprendedores dispostos a asumir o mando da entidade, como unha oportunidade para “manter e xerar postos de traballo”.

Conde clausurou xunto co director xeral de Industria y de la Peme do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, Víctor Audera, unha xornada que achegou a dúas decenas de profesionais os detalles deste programa, posto en marcha polo Goberno central da man das comunidades autónomas. A iniciativa busca tanto apoiar o emprendemento, como axudar a soste-lo a columna vertebral do sistema produtivo, as pemes, e en especial as empresas familiares.

Hoxe, as pemes supoñen o 99% do tecido empresarial, xerando preto dun 70% do emprego, e unha das dificultades que atopan na súa actividade é a posibilidade de non atopar un sucesor adecuado para continuar á fronte da compañía cando o seu fundador se xubila. Cubrir esa necesidade é o obxectivo deste Programa de transmisión de empresas: unir os emprendedores cos empresarios para que, tras unha vida dedicada á compañía que crearon, atopen o mellor sucesor.

“Poñemos sobre a mesa a posibilidade de comezar unha aventura empresarial adquirindo unha compañía xa en marcha”, dixo Conde, que sinalou este programa como unha alternativa de emprendemento cun custo e un risco inferior ao que supoñería a creación dunha nova empresa. Este plan apoíase en dúas ferramentas: a Plataforma Nacional de Transmisións, unha web nacional que recolle ofertas e demandas, e que xestiona a Dirección Xeral de Industria e da Peme do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo; e a Rede nacional de centros de transmisión de empresas, formada por uns gabinetes especializados na compravenda de empresas que prestan servizos de asesoramento.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, asumirá este rol en Galicia, sendo o interlocutor entre as empresas que se desexen traspasar, e os emprendedores interesados en herdar a súa actividade, funcionando como asesor clave en todo o proceso. Desta maneira, defendeu Conde, “Galicia contribuirá a conectar a empresarios e emprendedores, nun esforzo que persegue manter e xerar postos de traballo, e dar un novo impulso ao noso tecido produtivo”.

“Hoxe construímos unha nova ponte cara ao emprego. Porque cada empresa que segue adiante, e cada novo impulso xerado por un emprendedor,

supón máis traballo e máis benestar para Galicia”, dixo Conde, que subliñou que esta iniciativa se suma ao completo paquete de medidas de apoio ao emprendemento postas en marcha pola propia Xunta e polo Goberno central.

Así, resaltou que o Goberno galego está xunto aos emprendedores ao longo de todo o proceso de creación de novas empresas, eliminando as licenzas municipais de obra e actividade e substituíndoas por unha comunicación previa; asesorando paso a paso os emprendedores desde a idea ata a formalización das escrituras mediante a Unidade Galicia Emprime, que desde a súa creación asesorou a máis de 500 emprendedores e ten colaborado na creación de

110 novas empresas; formando a 8.000 alumnos en cinco anos, ou mentorizando a 160 empresarios; apoiando con financiamento; impulsando o investimento privado a través da Rede de Business Angels; e creando ou apoiando a posta en marcha das aceleradoras Galicia Open Future, Agrobiotech, Vía Vigo e Vía Lugo.

Pola súa banda, dixo o conselleiro, o Executivo central “nestes anos converteuse no Goberno da historia de España que máis fixo polos emprendedores”, con iniciativas como unha lei dedicada a eles, que lles permite abrir empresas en 18 horas, programas como Emprime en 3, e multitude de apoios ao financiamento, á segunda oportunidade ou ao asesoramento.

<http://www.transmisionempresas.es/Paginas/portada.aspx>



http://www.seap.minhap.gob.es/web/servicios/emprende_en_3.html



Conde destaca que o incremento dun 20% no orzamento destinado á creación de emprego e o reforzo da industria facilitará “a consolidación da recuperación”

- ▶ O conselleiro de Economía, Emprego e Industria salienta que este crecemento supón un compromiso coas pemes e a creación de postos de traballo sustentado en cinco eixos: a competitividade, a innovación, a internacionalización, a integración e a sustentabilidade
- ▶ Subliña que as contas reflicten unha Galicia “comprometida coas nosas pemes, coas políticas activas de emprego, e co aforro e a eficiencia enerxética de empresas e fogares”
- ▶ Destaca o aumento dun 45% dos fondos destinados ao financiamento de proxectos para “que as nosas empresas gañen tamaño, apoiar a posta en marcha de novos negocios, a innovación e a internacionalización”
- ▶ Destínanse 60 millóns para avanzar na industria 4.0 que mobilizarán 155 millóns no desenvolvemento de, entre outras medidas, o concurso de ideas cara á fábrica intelixente e unha nova liña de axudas que combina préstamos e subvencións para a implantación de proxectos 4.0
- ▶ Refórzase a aposta por sectores estratéxicos como o lácteo, con 40 millóns; o aeronáutico, co proxecto de Rozas ao cal se destinan 55 millóns;

ou 10 millóns para activar unha estratexia pioneira de apoio ao sector biotecnolóxico

- ▶ Salienta que os recursos destinados á innovación seguen medrando ata acadar un incremento do 17,5% desde o inicio da lexislatura, prestando unha especial atención ás pemes e ao talento, cun novo programa que brindará a 200 mozos galegos a oportunidade de traballar en departamentos de I+D+i
- ▶ A internacionalización sumará outros 25 millóns en 2016, con medidas como a contratación en empresas de 100 especialistas en comercio exterior, a capacitación en idiomas ou a procura de socios internacionais estables
- ▶ Avoga por consolidar en Galicia un crecemento integrador que xere máis e mellor emprego, para o que se incrementa un 15% o orzamento nesta área de cara a fomentar as novas contratacións e a formación
- ▶ A aposta pola sustentabilidade enerxética da industria, as familias e as administracións suma 37 millóns contemplando unha nova convocatoria da orde de biomasa, do ticket eléctrico social ou do Plan de aforro en fogares e vivendas galegas

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, salientou no Parlamento que as contas da súa consellería, que acadan os 445 millóns de euros para o ano 2016, recollen un incremento de case o 20% nos recursos destinados a “dinamizar as nosas empresas e xerar emprego” co obxectivo de consolidar o tecido industrial e estender a recuperación económica a todos os fogares. “A recuperación conseguida destinárase a servir as novas demandas e as novas aspiracións, fortalecendo o impulso económico e social xa conseguido, e dando respostas reais aos desafíos que nos quedan por afrontar”, incidiu Conde.

Neste sentido, o conselleiro destacou que co orzamento do próximo exercicio Galicia busca “seguir creando emprego neto e que os traballadores recuperen o seu poder adquisitivo”. Un compromiso, explicou, que pasa por “vincular o fortalecemento das nosas pemes coa creación de máis empregos e de maior calidade”.

Para isto, proseguíu o titular de Economía, Emprego e Industria, as contas prestan especial atención ás pemes, ás políticas activas de

emprego e ao aforro e á eficiencia enerxética en empresas, familias e Administración pública. Unhas prioridades que se sustentan en cinco eixos de actuación dirixidos a “avanzar no camiño cara unha Galicia máis competitiva; máis innovadora; máis internacional; máis integradora; e máis sustentable”.

Medra un 45% o financiamento para as pemes

Así, e no tocante á competitividade, Conde apuntou que a Xunta relizará un reforzo aínda maior no seu traballo xunto a empresas, autónomos e emprendedores con apoios concretos centrados no financiamento, na industria e no

comercio. Deste xeito, explicou, auméntanse un 45% os recursos para financiamento de cara a “que as nosas empresas gañen tamaño, apoiar a posta en marcha de novos proxectos xeradores de emprego, impulsar a innovación e a internacionalización”. Para isto, ademais de seguir adiante co Programa Galicia 1000, poranse en marcha novos instrumentos financeiros innovadores que suman case 10 millóns de euros; ás liñas de préstamos con fondos BEI e ICO, dotadas con 112 millóns, súmase un mínimo de 10 millóns de préstamos Jeremie; e lanzarase unha convocatoria do Galicia Investe con 20 millóns ata o 2020.

Así mesmo, e no marco do desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0, o conselleiro salientou que o orzamento supón unha oportunidade de seguir avanzando cara á fábrica intelixente, “un reto histórico que temos a responsabilidade de converter nunha oportunidade para o noso tecido produtivo”. Para isto, afondou, resérvanse 60 millóns que permitirán mobilizar 155 millóns, en medidas como o concurso de ideas con que financiar os mellores proxectos demostrativos neste eido; realizar plans de sistemas 4.0 para determinar as solucións TIC máis axeitadas para cada sector; e activar unha liña

pioneira que combina subvención e préstamo, dotada con 5 millóns, para que a industria galega implante proxectos 4.0.

Neste marco, proseguíu Conde, xunto co apoio a sectores tradicionais como o lácteo, con 40 millóns para o seu financiamento, impulsáranse outros emerxentes con grandes posibilidades como o aeronáutico, con 55 millóns para o desenvolvemento do polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados de Rozas; e a biotecnoloxía, que conta con 10 millóns para activar unha estratexia de apoio capaz de consolidar unha industria que emprega a 1.400 persoas altamente cualificadas. Ademais, salientou, triplícase o orzamento para “continuar a senda da modernización e innovación do comercio de proximidade” ata acadar os 3 millóns.

Máis de 85 millóns para innovación e internacionalización

“O segundo eixo destas contas estará centrado na innovación. Por iso, os fondos para as políticas de I+D+i crece un 7,5% situándose en 61 millóns”, informou o conselleiro, quen salientou que, desta forma, o aumento do esforzo en innovación é dun 17,5% no conxunto da lexislatura. Avanzou tamén Conde que nas próximas semanas se activará unha nova convocatoria do Conecta Pemes dotada con 25 millóns.

Así mesmo, apoiárase o talento innovador tanto a través do Oportunus, -aberto a novas incorporacións e ampliado para que investigadores cunha excelente proxección poidan conseguir unha bolsa do Consello Europeo de Investigación-, como dun novo programa que brindará a oportunidade de traballar en departamentos de I+D+i de empresas a 200 mozos investigadores galegos.

“E no tocante á transferencia de coñecemento ao mercado, pretendemos mobilizar 135 millóns”, proseguíu Conde. Para isto, activárase un fondo de proba-concepto dirixido aos grupos de investigación para que demostren a viabilidade das

súas tecnoloxías, ou convocárase unha iniciativa para que os centros de coñecemento poidan investir en equipos e fortalecer as súas capacidades. Ademais, salientou o conselleiro, publicarase unha nova convocatoria de Unidades Mixtas que se sumen ás 19 que xa se están a impulsar xerando 270 postos de traballo.

Pola súa banda, no tocante á internacionalización, o conselleiro avogou por acadar unha “Galicia máis global, para o que financiaremos a expansión a outros mercados con 25 millóns”. Neste contexto, algunhas das actuacións máis destacadas será, o apoio a contratación de 100 profesionais en comercio exterior nas nosas empresas, a capacitación en idiomas e xestión internacional e a identificación de investidores e socios internacionais estables.

Un 15% máis para as políticas activas de emprego

“Todos estes instrumentos comparten unha finalidade: consolidar en Galicia un crecemento que xere máis e mellores empregos; en definitiva, un crecemento cada vez máis integrador”, afondou Conde. De feito, o orzamento da Consellería para as políticas activas de emprego aumenta un 15%, focalizándose no impulso do emprego e no fomento da formación.

Ao primeiro destes eidos, explicou, destinaranse máis de 70 millóns mellorando as axudas para o fomento da empregabilidade e mantendo unha especial atención aos colectivos con maiores necesidades. Así, en 2016, reserváranse 2 millóns para incentivar a contratación de parados de longa duración, aumentarase un 5% os recursos para a inserción laboral de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, ou incrementárase un 23% a partida para os obradoiros de emprego.

Pola súa banda, a formación “seguirá sendo un obxectivo clave”, apuntou Conde, polo que a Consellería fará “un novo esforzo” por actualizar e mellorar os programas neste eido. Así, dedicáranse máis de 40 millóns á formación dos desempregados e 10 millóns para a formación de ocupados, dos que 3,5 millóns se centrarán en mellorar o talento dos sectores estratéxicos. Políticas que se completan cos programas de emprendemento que sumarán ata 40 millóns de euros.

Reforzo da aposta polo aforro e a eficiencia enerxética en pemes e familias

“E, por último, buscamos unha Galicia sustentable, sumando en total 37 millóns dedicados ao aforro, a eficiencia e a sustentabilidade enerxética”, resaltou

o conselleiro. Neste contexto, afondou, destínanse 16 millóns de euros, multiplicando por 7 o esforzo do pasado ano, a impulsar o aforro e a eficiencia na industria e administracións; ou dedicáranse máis de 12 millóns a unha nova convocatoria da orde de biomasa, que ten permitido xa implantar 2.400 equipos na Comunidade, e “manterase o esforzo orzamentario coa xeotermia, a aerotermia e a solar térmica”.

Así mesmo, activárase unha vez máis o Plan de aforro e eficiencia enerxética nas vivendas, que presenta un incremento do 8% ata chegar aos 4 millóns. “E por suposto, seguiremos ao lado das familias máis vulnerables”, destacou o conselleiro, quen resaltou, xunto ao aumento por riba dos 2 millóns dos fondos para o ticket eléctrico social, a activación da nova iniciativa encamiñada a evitar os cortes na subministración eléctrica ás familias máis vulnerables, “cunha axuda directa que permitirá cubrir o custo de dúas mensualidades por fogar”.

En definitiva, concluíu Conde, as contas aspiran a facer de Galicia “unha terra de oportunidades: con máis emprego, onde o noso mellor talento teña a posibilidade de construír un país forxado coas mellores ideas, e cun tecido empresarial que leve o noso bo nome por todos os países do mundo”.

<http://www.conselleriadeconomia.es/orzamentos2016>



O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, na comisión sobre orzamentos. Autor: Conchi Paz



Informe do paro rexistrado

Galicia volve a niveis de desemprego inferiores aos de outubro do ano 2010

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2015.- A cifra de desemprego en Galicia no mes de outubro pechou cun total de 222.092 persoas des-empregadas, o que supón un incremento do 2,95 por cento con respecto ao mes anterior (+6.355 persoas), cunha evolución inter-anual que continúa sendo positiva e sitúa a comunidade en niveis de desemprego inferiores aos de outubro do ano 2010.

A secretaria xeral de Empleo, Covadonga Toca, destacou que “aínda que a cifra medra en outubro, con respecto a setembro, cómpre lembrar que é habitual neste mes”, e destacou que “o comportamento interanual mantén unha evolución positiva”, o que constitúe unha referencia desestacionalizada á hora de valorar as cifras. Así, na evolución interanual salientou que “hoxe Galicia ten 21.952 desempregados menos que en outubro de 2014”, o que supón un descenso das personas sen emprego dun -9,00%.

Segundo estes datos, a secretaria xeral de Empleo resaltou que Galicia xa acumula dous anos de descensos interanuais consecutivos. En concreto, esta é a vixésimo cuarta baixada. Tamén sinalou que é a segunda maior baixada interanual dun mes de outubro de toda a serie histórica en termos absolutos;

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	86.515	1.705	2,01	-9.239	-9,65
Lugo	21.607	552	2,62	-2.101	-8,86
Ourense	24.233	727	3,09	-2.025	-7,71
Pontevedra	89.737	3.371	3,90	-8.587	-8,73
Galicia	222.092	6.355	2,95	-21.952	-9,00
España	4.176.369	82.327	2,01	-350.435	-7,74

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	39.196	47.319	86.515
Lugo	10.268	11.339	21.607
Ourense	10.895	13.338	24.233
Pontevedra	40.456	49.281	89.737
Galicia	100.815	121.277	222.092
España	1.895.506	2.280.863	4.176.369

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	TOTAL
A Coruña	4.104	82.411	86.515
Lugo	1.197	20.410	21.607
Ourense	1.414	22.819	24.233
Pontevedra	4.570	85.167	89.737
Galicia	11.285	210.807	222.092
España	372.387	3.803.982	4.176.369

isto é, desde 1996. Ademais, por segundo ano consecutivo redúcese o paro nun mes de outubro de xeito interanual.

Grazas a este comportamento “hoxe temos menos inscritos nas oficinas dos que había hai cinco anos”, destacou a secretaria xeral.


En España, o desemprego aumentou este mes de outubro en 82.327 persoas, un 2,01 por cento máis que o mes de setembro, ata situarse en 4.176.369 desempregados. En termos interanuais, o paro rexistrado en España diminuíu nun -7,74%, polo que Galicia se sitúa por riba da media estatal nesta evolución cun -9,00%; é dicir, na

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Andalucía	1.007.940	10.579	1,06	-36.215	-3,47
Aragón	91.817	1.391	1,54	-13.930	-13,17
Asturias	91.731	2.674	3,00	-6.606	-6,72
Illes Balears	67.344	10.813	19,13	-8.169	-10,82
Canarias	247.162	4.849	2,00	-18.629	-7,01
Cantabria	48.746	2.157	4,63	-1.147	-2,30
Castilla-La Mancha	223.159	15.843	7,64	-16.515	-6,89
Castilla y León	201.827	11.826	6,22	-16.238	-7,45
Catalunya	523.528	10.341	2,02	-63.605	-10,83
Valencia	476.842	-6.890	-1,42	-52.024	-9,84
Extremadura	132.557	4.579	3,58	-9.074	-6,41
Galicia	222.092	6.355	2,95	-21.952	-9,00
Madrid	466.314	5.328	1,16	-49.734	-9,64
Murcia	131.524	1.170	0,90	-11.963	-8,34
Navarra	41.996	753	1,83	-5.023	-10,68
País Vasco	154.599	-823	-0,53	-16.223	-9,50
La Rioja	21.404	1.689	8,57	-2.919	-12,00
Ceuta	12.853	-507	-3,79	-99	-0,76
Melilla	12.934	200	1,57	-370	-2,78
TOTAL	4.176.369	82.327	2,01	-350.435	-7,74

Fonte: SEPE, 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Enquisa de poboación activa (EPA)

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964, sendo a metodoloxía vixente na actualidade a de 2005. A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo

e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos). A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre que equivalen aproximadamente a 180.000 persoas.

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España no 3º trimestre de 2015, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

	Total	Activos	Ocupados	Parados
A Coruña	972,8	532,3	446,8	85,6
Lugo	298,1	155,5	132,6	22,9
Ourense	278,9	132,2	108,3	23,9
Pontevedra	807,4	441,8	351,3	90,4
Galicia	2.357,2	1.261,9	1.039,0	222,8
España	38.486,8	22.899,5	18.048,7	4.850,8


Fonte: EPA 3º trimestre 2015 do INE

Variación interanual

Poboación de 16 anos e máis segundo a súa relación coa actividade laboral e sexo. EPA 3º trimestre 2015 con respecto á EPA 3º trimestre 2014 (miles de persoas).

	Total	Activos	Ocupados	Parados
Ambos os dous sexos				
3ºT2015	2.357,3	1.261,9	1.039,0	222,8
3ºT2014	2.367,6	1.275,6	1.017,3	258,3
Homes				
3ºT2015	1.128,6	663,1	552,5	110,6
3ºT2014	1.133,8	674,4	539,5	134,9
Mulleres				
3ºT2015	1.228,7	598,8	486,5	112,3
3ºT2014	1.233,8	601,1	477,8	123,3

Fonte: EPA 3º trimestre 2015 do INE



A distribución dos ocupados, parados, taxa de paro e taxa de emprego por comunidades autónomas é a seguinte:

	Ocupados (*)	Parados (*)	Taxa de emprego	Taxas de paro
Andalucía	2.758,10	1.281,90	40,07	31,73
Aragón	551,10	97,00	50,08	14,97
Asturias	389,00	79,50	42,69	16,97
Illes Balears	555,30	89,50	59,16	13,88
Canarias	793,50	317,20	44,12	28,56
Cantabria	233,60	45,10	47,35	16,19
Castela-A Mancha	959,2	190,80	45,77	16,59
Castela e León	745,80	245,00	44,16	24,72
Cataluña	3.110,90	659,60	51,33	17,49
Valencia	1.882,90	542,60	45,90	22,37
Extremadura	362,00	144,40	39,72	28,51
Galicia	1.039,00	222,80	44,08	17,66
Madrid	2.806,40	545,30	53,53	16,27
Murcia	535,40	164,40	45,28	23,49
Navarra	267,20	41,90	51,25	13,57
País Vasco	875,70	139,70	48,32	13,76
A Ríoxa	131,90	20,70	50,80	13,59
Ceuta	27,20	12,00	41,87	30,59
Melilla	24,60	11,30	39,57	31,40
TOTAL	18.048,70	4.850,80	46,90	21,18

(*) en miles de persoas

A distribución das taxas de paro por sexo en Galicia e España é a seguinte:

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	16,1	15,7	16,5
Lugo	14,7	14,1	15,4
Ourense	18,1	15,2	21,1
Pontevedra	20,5	19,1	22,0
Galicia	17,7	16,7	18,8
España	21,2	19,9	22,7


Fonte: EPA 3º trimestre 2015 do INE-IGE

A distribución das taxas de emprego por sexo en Galicia e España é a seguinte:


	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	45,9	51,1	41,3
Lugo	44,5	48,2	41,0
Ourense	38,8	42,8	35,1
Pontevedra	43,5	48,9	38,6
Galicia	44,1	49,0	39,6
España	46,9	52,8	41,3

Fonte: EPA 3º trimestre 2015 do INE-IGE


Taxas de paro por comunidades autónomas:



Porcentaxes de parados por sexo en Galicia e España:



Evolución ocupados, parados e taxas de paro:





O presidente da Xunta, na toma de posesión dos novos conselleiros e conselleiras
Autor: Ana Varela

O conselleiro de Política Social compromete “traballo sen descanso” para que toda a operatividade do novo departamento se traslade directamente ás persoas

- ▶ Asegura que “desde este momento imos traballar tecnicamente para acadar que os obxectivos políticos cheguen ás persoas”
- ▶ Sienta que a nova estrutura da Consellería aprobada onte polo Consello da Xunta serve para “darlle un maior impulso a todos os colectivos que temos que atender”.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou na mañá de hoxe na toma de posesión de Francisco Javier Abad Pardo como novo secretario xeral técnico da Consellería. Rey Varela apuntou que este é un “momento fundamental” para que “toda a operatividade deste departamento se traslade ás persoas” polo que, tras felicitar ao secretario xeral técnico entrante, solicitoulle o seu “traballo sen descanso para

facér realidade ese obxectivo”. O conselleiro situou tamén no horizonte os “traballos inmediatos que temos por diante” como o debate de políticaxeral na Cámara galega ou os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O titular de Política Social insistiu na necesidade de que “as persoas se poidan beneficiar da creación desta nova Consellería”. “Desde este momento imos a traballar tecnicamente para acadar que os obxectivos políticos cheguen ás persoas”, abundou.

O conselleiro incidiu no traballo en prol das “persoas que necesitan maior atención” e asegurou que a nova estrutura responde ao obxectivo de “ser capaces de cumprir os compromisos encomendados polo presidente na área social”.

Respecto a esta nova estrutura aprobada onte no Consello da Xunta, José Manuel Rey Varela, aseverou que “responde a plasmar con maior concreción para darlle un maior impulso a todos os colectivos que temos que atender”. O novo organigrama que presenta a Consellería de Política Social, está formado pola Dirección de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica; a Dirección Xeral de Inclusión Social; a Dirección

Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado; e, adscrita a esta consellería, a Axencia Galega de Servizos Sociais. Rey Varela amosou a súa satisfacción por ser todos eles colectivos que “gañan presenza”.

“Dedicación e esforzo”

Pola súa banda, o novo secretario xeral técnico agradeceu o traballo da súa predecesora no cargo, María Jesús Lorenzana así como “a todo o equipo directivo da Consellería”.

Nas súas verbas, Francisco Javier Abad Pardo asegurou que chega á Consellería de Política Social coa “intención de traballar con toda a dedicación e esforzo”.

Rey Varela garante o apoio da Xunta de Galicia para conseguir unha sociedade máis inclusiva e integradora

- ▶ O titular autonómico avogou por impulsar a participación das persoas con discapacidade e garantir a súa autonomía, erradicando a discriminación e fomentando a igualdade.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, mantivo unha primeira xuntanza de traballo con membros da directiva do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI), entre eles o seu presidente, Anxo Antón Queiruga Vila. Esta reunión forma parte da rolda de contactos iniciada polo titular autonómico con colectivos que traballan no ámbito social para coñecer os seus obxectivos e acentuar a coordinación e colaboración.

Rey Varela sinalou que “avanzar cara a unha sociedade máis inclusiva e integradora ten que ser unha tarefa compartida por todos”, ao tempo que salientou o traballo de entidades e plataformas como CERMI, que “son as que mellor coñecen as necesidades e o importante camiño que aínda resta para conseguir a plena integración e a accesibilidade universal”, dixo. Nesta liña, avogou por impulsar a participación das persoas con discapacidade e garantir a

súa autonomía, erradicando a discriminación e fomentando a igualdade. E, ao fin, adiantou que as propostas presentadas polo CERMI relativas aos criterios de repartición das achegas para financiar o mantemento dos programas e entidades que a integran saíran para adiante. Unha medida que suporá a incorporación das asociacións de parálise cerebral e alzhéimer.

Así mesmo, o conselleiro de Política Social referiuse aos instrumentos normativos e medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para favorecer a plena integración das persoas con discapacidade. Así, sinalou a Estratexia galega de discapacidade 2015-2020, folia de ruta para os próximos anos elaborada conxuntamente coas entidades e que recolle seis liñas estratéxicas: accesibilidade, autonomía persoal, educación, formación e emprego, saúde e servizos sociais. Tamén recordou a nova Lei de accesibilidade de Galicia, xa en vigor, que modernizou unha normativa de vinte anos de antigüidade que non se adaptaba ás novas necesidades do colectivo e



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, mantivo unha primeira xuntanza de traballo con membros da directiva do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI)
Autor: Conchi Paz

da que se inicia xa o seu desenvolvemento normativo.

Por último, Rey Varela garantiu a continuidade do apoio do Goberno galego ás entidades que diariamente se esforzan por

axudar as persoas que máis o necesitan, apostando por concienciar e sensibilizar o conxunto da sociedade e comprometéndose a ampliar o seu financiamento no 2016.

<http://www.xunta.es/politica-social>



<http://www.cermi.es/es-ES/Paginas/Portada.aspx>

Rey Varela destaca que o “novo impulso social” cifrado nun incremento orzamentario dun 12,6% permitirá “ter máis recursos para seguir apoiando as familias e os que máis o precisan”

- ▶ O orzamento da Xunta de Galicia para o próximo exercicio reserva un total de 618,5 millóns de euros para a área social
- ▶ Os principais reforzos orzamentarios destínanse á familia, infancia e conciliación, que sobe un 40% superando os 97 millóns de euros; a inclusión social, que medra máis dun 24% para acadar os 86,5 millóns; e a atención á dependencia, que aumenta até os 324,2 millóns de euros
- ▶ O titular de Política Social destacou, entre outras medidas, a nova axuda directa por nacemento de fillo ou filla, da que se beneficiarán o vindeiro ano arredor de 15.000 familias galegas
- ▶ Ademais, Rey Varela fixou como obxectivos axilizar a tramitación da Risga e ampliar en 10.000 máis as persoas atendidas no sistema de dependencia ata chegar ás 50.000 incluídas no sistema e a unha ratio de cobertura do 75%
- ▶ Así mesmo, o responsable de Política Social salientou o incremento nun 15% das partidas consignadas para xuventude, participación e voluntariado, que suman case 10 millóns de euros



O conselleiro de Política Social explicou no Parlamento as contas económicas do seu departamento para o vindeiro ano 2016. Autor: Ana Varela

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, sinalou que os orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 “marcan o inicio dunha nova etapa que imos aproveitar para dar un novo impulso social”. Así o dixo no transcurso dunha comparecencia parlamentaria en que salientou que o seu departamento autonómico disporá o vindeiro ano dun total de 618,5 millóns de euros, que supoñen un aumento do 12,6% con respecto ás contas deste exercicio. “Este reforzo nos orzamentos significa máis recursos para seguir apoiando as familias e os que máis o precisan”, afirmou.

Na súa intervención, Rey Varela destacou que a familia e a infancia serán un eixe de acción fundamental para o Goberno galego, de aí o incremento das axudas directas ás familias e a posta en marcha de novas medidas e servizos dirixidos a favorecer a conciliación. De feito, as partidas consignadas para esta área soben case un 40% ata chegar aos 97,2 millóns de euros. Entre os novos programas que se porán en marcha no 2016, o conselleiro fixo mención ao bono Conciliación, para que todos os pais e nais que

queiran levar os seus fillos a unha escola infantil -e que non teñan praza nunha da Xunta- reciban unha axuda; o bono Coidado no rural, para as familias que residen en contornos non urbanos e con fillos menores de 12 anos -preferentemente menores de 3 anos- que non teñen acceso a unha escola infantil cerca do territorio onde viven; e a nova axuda directa de 100 euros ao mes durante o primeiro ano por cada neno ou nena que naza a partir do vindeiro 1 de xaneiro para apoiar así os pais e nais nos gastos básicos que supón o nacemento dun fillo ou filla.

Ao respecto desta axuda por nacemento, o obxectivo é que se poidan beneficiar desta arredor de 15.000 familias e establecerase en función da renda per cápita familiar. En 2016, resérvanse 9 millóns de euros para a aplicación desta medida, coa intención de que aumente en anos sucesivos para manter unha política demográfica seria e estable na liña dos países máis avanzados nesta materia como Finlandia, Dinamarca, Noruega ou Suecia. “Temos que esforzarnos e traballar en garantir que todas esas persoas que deciden dar o paso e ter fillos si poden estar seguras de que terán ao seu carón un Goberno

para apoialos a elas e aos seus fillos e fillas”, indicou o titular autonómico.

Máis axudas para a inclusión

No que atinxe ás axudas ás persoas e familias con menos recursos, Rey Varela apuntou que por primeira vez a inclusión social ten rango de dirección xeral no organigrama da Administración autonómica, o que pon de manifesto o compromiso do Goberno galego coa xente que peor o está a pasar. Con esta finalidade, as partidas desta área crecen máis dun 24% acadando os 86,5 millóns de euros.

Este maior investimento en inclusión permite reforzar con 5 millóns de euros máis a cantidade inicial destinada á renda de integración social de Galicia (Risga) que ten consignados para o vindeiro exercicio un total de 52,7 millóns de euros. No que atinxe a esta renda social, o conselleiro declarou que “non soamente queremos atender a todas as persoas que precisan da Risga senón que queremos facelo antes, axilizando a súa tramitación”. Ao fio disto, o responsable de Política Social expuxo que, segundo os últimos datos facilitados polas xefaturas territoriais correspondentes con

este mes de outubro, a día de hoxe se están a cumprir os prazos na resolución dos expedientes con toda a documentación completa. Así mesmo, referiuse á orde de contratación de preceptores da Risga, unha medida pioneira grazas á cal, os concellos empregaron en dous anos a máis de 1.600 persoas.

Ademais de dar cobertura á xente en risco ou situación de vulnerabilidade que reside na Comunidade, os novos orzamentos teñen en conta as novas necesidades que poidan xurdir coa chegada de refuxiados e refuxiadas. Para atender a estas persoas duplícase o orzamento das ordes de entidades e de concellos. A primeira delas pasa dos 3,9 millóns de euros actuais aos 7,3 reservados para 2016, e a segunda acada os 3,4 millóns fronte aos 1,7 vixentes. “Somos un país solidario”, declarou o conselleiro, engadindo que “estamos preparados para o momento en que recibamos as primeiras persoas refuxiadas darlles, en primeiro lugar de acollida, e tamén favorecer a súa integración social e laboral”. Un labor en que a Administración autonómica contará coa colaboración tanto dos concellos como do voluntariado, o cal recibirá a formación que sexa precisa.

Así mesmo, as contas de Política Social para a vindeira anualidade “blindan” as axudas de inclusión, xa que a partida destinada a estas axudas está consignada xunto con outras do Plan social contra a desigualdade económica reservándose unha dotación orzamentaria de 10 millóns de euros, e que supera os 20 millóns no cómputo dos presupostos xerais da Comunidade. Nesta liña, a Xunta seguirá traballando en colaboración coas entidades locais para ampliar as axudas dirixidas a prol das persoas con máis dificultades, as cales se recollen na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2010. Algunhas destas novas medidas que se porán en marcha en 2016 son: o ticket eléctrico, a compra de material escolar, o programa “Reconduce” para persoas que non poden pagar o alugueiro e a promoción do alugamento social para familias con risco de desaloxo da vivenda por non pagar a hipoteca ou a renda do alugamento.

Atención á dependencia, aos maiores e a persoas con discapacidade

No ámbito da atención á dependencia e aos maiores, o compromiso é avanzar no cumprimento da Lei de dependencia con 10.000 novos dependentes incluídos no sistema en 2016, o que significa que se chegará ás 50.000 persoas atendidas e a un ratio de cobertura do 75%. Ao respecto destes datos, Rey Varela declarou que “máis que vangloriarmos do aumento no número de dependentes con servizo, temos que centrarnos nos que non o están, polo que aínda temos moito traballo por facer”. As partidas consignadas para dependencia nos orzamentos de 2016 chega aos 324,2 millóns de euros, o que supón unha suba de 26 millóns de euros.

Neste sentido, o conselleiro de Política Social recoñeceu o traballo feito por anteriores administracións en materia de dependencia, subliñando o notable crecemento

en atención e servizos que experimentou Galicia nos últimos anos malia o desfavorable contexto da crise económica. Así, pasouse dos 14.000 dependentes atendidos en 2009 a 40.000 na actualidade; dos 126 millóns de euros que a Xunta destinaba á dependencia hai seis anos aos máis de 324 millóns reservados para 2016; e hoxe en día a ratio de atención supera o 60% cando en 2009 era do 30%. E outros indicadores que reflicten a mellora neste ámbito no período comprendido entre o ano 2009 e o actual é o incremento nun 98% dos centros de atención diurna, a existencia dun 25% máis de residencias para persoas maiores, a suba dun 77% en centros de día para persoas con alzhéimer e outras demencias; a dispoñibilidade dun 15% máis de prazas de atención a persoas con discapacidade, o aumento do 50% en servizos de teleasistencia ou o maior financiamento do Servizo de axuda no fogar, que en 2016 atenderá 500 novas persoas.

En concreto no que atinxe á atención ás persoas con discapacidade, o titular de Política Social destacou a posta en marcha de cara ao vindeiro ano de novas iniciativas con financiamento europeo. Estas son: unha liña de axudas para a eliminación de barreiras arquitectónicas, a creación dun banco de axudas individuais

destinado a adquisición de servizos da autonomía persoal, a modernización de centros públicos con novos equipamentos tecnolóxicos que sirvan de apoio para a atención dos usuarios e melloren as condicións de traballo dos profesionais -cun investimento de 2,9 millóns de euros-; e novos programas de formación e asesoramento para coidadores/as de persoas con discapacidade. Ademais, en 2016 reforzarase nun 20% o apoio económico ás federacións integrantes no CERMI acadando esta partida os 3,6 millóns de euros.

Crecemento en xuventude

A área de Xuventude, Participación e Voluntariado tamén experimenta un crecemento considerable nas contas de 2016 e chega case aos 10 millóns de euros, un 15% máis en relación a este ano. Este orzamento terá cinco ámbitos fundamentais, que serán: as axudas ás entidades locais para os proxectos das Oficinas municipais de Información Xuvenil -610.000 euros-, o programa Iniciativa Xove -575.000 euros-, o fomento do voluntariado -520.000 euros- a programas de mobilidade transnacional -2,1 millóns- e a Campaña de verán -2,3 millóns-.

Ademais, continuarase desenvolvendo a Rede galega de dinamización xuvenil, que impulsa

a animación e a participación deste colectivo; o programa Deseñando o teu futuro, que permite aos mozos e mozas galegas de entre 15 e 18 anos entrar en contacto coa realidade das empresas mediante o desenvolvemento de estadias -visitas en distintos sectores; e a colaboración coa Fundación Galicia -Europa, para atraer máis proxectos europeos dirixidos á mocidade.

As persoas como prioridade

Rey Varela incidiu en que as contas da Xunta na área social para 2016 “teñen como prioridade as persoas, levando a recuperación das contas públicas aos fogares con máis axudas directas e con máis e mellores servizos”. “Temos a vontade de que os cidadáns e cidadás deste país recuperen os niveis de vida que tiñan antes da crise que comezou en 2008 e que supuxo, e aínda supón, moitas inxerencias e restricións para as familias galegas”, reafirmou.

Nesta liña, apuntou que a suba do 12,6% no orzamento global da Consellería de Política Social para situarse nos 618,5 millóns de euros “constitúe unha oportunidade para apoiar máis as entidades locais, as organizacións e asociacións do terceiro sector, os pais e a nais e as persoas e familias en situación de dependencia e as que están en risco de exclusión social”.

<http://www.conselleriadeconomia.es/orzamentos2016>



Rey Varela sinala que os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2016 terán como eixe a recuperación das persoas e familias que peor o pasaron coa crise

- O titular autonómico manterá unha rolda de contactos coas entidades e colectivos sociais porque "son as que mellor coñecen a realidade e a súa axuda e colaboración é fundamental para que poidamos axudar a máis xente".

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, asistiu ao acto oficial de conmemoración do Día Internacional de Erradicación da Pobreza que se celebrou na sede da Valedora do Pobo. En declaracións aos medios de comunicación, Rey Varela insistiu en que o importante para a Xunta é que a recuperación

económica que marcan os indicadores chegue ás persoas.

Neste sentido, o titular autonómico declarou que os orzamentos que prepara o Goberno galego para o vindeiro exercicio de 2016 "teñen que demostrar, non con palabras senón con euros, como se traslada esa recuperación da economía ás persoas e familias que peor o están a pasar". Así mesmo, indicou que

a mellora das condicións de vida e do benestar da poboación "é un camiño permanente que non se esgotará nas vindeiras semanas coas reunións que mantereí coas entidades e colectivos sociais, nin cos decretos de desenvolvemento e tampouco a partir do vindeiro 1 de xaneiro... Será un traballo moi intenso e o importante é que nas próximas semanas e meses se vexa unha evolución favorable", apuntou.

Por outra parte, Rey Varela avanzou que, segundo os datos dos que dispón nestes momentos, este ano vaise pechar cunha melloría na

atención do RISGA. En calquera caso, manifestou que "non se trata de dicir que melloramos o de estatísticas porque detrás de cada RISGA hai unha persoa e unha familia que ten necesidades, e o obxectivo é que non existan familias en estas situacións". Por último, explicou que porá en común coas entidades e colectivos que traballan no ámbito social os temas importantes da súa área porque "son os que mellor coñecen a realidade, polo que imos a pedir que nos axuden e colaboren con nos para que poidamos chegar a máis xente e familias".

A Xunta de Galicia reforza con cinco millóns de euros máis a partida destinada a atender a RISGA nos Orzamentos de 2016

- Os recursos económicos consignados para esta axuda de inclusión ascenden a 52,7 millóns de euros
- A administración autonómica seguirá axilizando os prazos de concesión desta prestación, en cuxa tramitación interveñen os solicitantes, os concellos e, por último, a Xunta
- O perfil maioritario das persoas perceptoras é o de muller, entre 35 e 44 anos de idade con estudos primarios.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2015.-

A Consellería de Política Social, que dirixe José Manuel Rey Varela, salienta o compromiso dos presupostos da Xunta para o ano

2016 coa atención das persoas en situación ou risco de exclusión social ao subir até os 52,7 millóns de euros a partida destinada á Renda de inclusión social de Galicia (Risga). Esta cifra supón un incremento

de cinco millóns de euros con respecto ás contas autonómicas deste exercicio.

O reforzo do orzamento responde ao compromiso do Goberno galego coas persoas e familias que máis o necesitan. En canto ao perfil dos beneficiarios da Risga: o 59,60% das persoas perceptoras son mulleres. Por idades, o 31,77% do total de beneficiarios teñen entre 35 e 44 anos; un 26,43% entre 45 e 54; un 19,25% entre 25 e 34; o 4,03% son menores de 25 anos

e o 18,52% restante son persoas maiores de 55 anos. Así mesmo, máis dun 84% ten estudos primarios ou non os completou; e o 92% traballou nalgún momento.

Ademais de máis recursos económicos, a intención da Consellería de Política Social é seguir axilizando a tramitación da RISGA. Cómpre lembrar que na tramitación de calquera expediente participan tres partes: o solicitante, o concello e, por último, a Administración autonómica.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/renda-de-integracion-social-de-galicia-risga>



Feijóo salienta que Galicia é a comunidade coas deducións fiscais máis altas de España para as familias que contan con nenas e nenos de entre 1 e 3 anos

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2015.-

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, salientou que Galicia é a Comunidade Autónoma coas deducións fiscais máis altas de España para favorecer a natalidade; é dicir, para as familias que contan con nenos e nenas de entre 1 e 3 anos. Segundo dixo, o Goberno galego está plenamente comprometido coas familias que queren ter fillos para que Galicia sexa "o lugar máis doado para ter

fillos, tanto desde o punto de vista fiscal, como desde o punto de vista da axuda directa e dos servizos públicos".

Na súa intervención no Pleno da Cámara galega, Feijóo subliñou o compromiso do Goberno galego coas políticas de natalidade; con medidas como a posta en marcha do bono de gardería, o coidador no rural ou a tarxeta familiar. Ademais, destacou que se incrementaron nun 71% as prazas en escolas infantís públicas e se

- Salienta que este Goberno incrementou nun 71% as prazas en escolas infantís públicas e activou numerosas axudas para o transporte público ou a vivenda para as familias que máis o precisan.

activaron axudas para o transporte público ou a vivenda para as familias que máis o precisan.

O mandatario galego sinalou de igual modo, que o plan demográfico presentado pola Xunta leva executado o 61% das propostas, e que Galicia está actualmente a liderar o foro das Comunidades

Autónomas españolas polo desafío demográfico, no que participan Asturias, Extremadura, Castilla y León, Castilla-La Mancha e Aragón. Tamén, indicou que estamos a traballar xunto coas rexións da UE, para que a nivel europeo os fondos europeos teñan en conta os problemas demográficos.

Rey Varela avanza novos incentivos para as familias galegas en 2016

Vigo, 17 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, sinalou na inauguración do VIII Congreso Galego de Familias Numerosas (AGAFAN) que se celebra en Vigo, as novas medidas para o ano 2016 que implantará a Xunta de Galicia para favorecer as familias e impulsar a demografía. Rey Varela enmarcou estas novas actuacións na necesidade de garantir o recambio xeracional e insistiu na importancia capital que, dende o departamento autonómico que dirixe, se outorga ás familias e ás persoas.

Así, o titular de Política Social referiuse a novas actuacións de impulso social abordadas no Debate do estado da Autonomía co fin de reforzar os apoios ás persoas máis vulnerables e ás familias. En concreto, destacou que a partir do vindeiro exercicio aquelas parellas que teñan un fillo ou filla recibirán unha achega directa de 100 euros mensuais que se fixará en función da renda per cápita familiar. Esta axuda chegará a oito de cada dez familias e servirá para afrontar gastos básicos como cueiros e alimentación; e que ademais convivirá coas prestacións por fillo ou filla a cargo que a Xunta concede arestora. "Esta nova

medida sitúa a Galicia á cabeza das comunidades no eido social e no eido da conciliación da vida laboral e familiar", manifestou.

Esta achega directa aos pais e nais que teñan un fillo a partir do 1 de xaneiro de 2016 engádese ás medidas e instrumentos para poder atender dun xeito personalizado e integral ás familias que xa están planificadas e en desenvolvemento. Este é o caso do Plan de dinamización da demografía de Galicia, a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia que ten como horizonte posto no 2020 ou a Lei de apoio á familia e á convivencia. Actualmente, o Goberno galego traballa nun Plan galego de política familiar, cuxo borrador xa publicou a Consellería de Política Social. Así mesmo, en 2013 a Xunta deu un paso máis no seu apoio ás familias numerosas cun documento marco en que se recollen máis de 50 medidas con diversos beneficios para as máis de 19.000 familias que ostentan esa condición en Galicia.

Comprometidos coas familias

Rey Varela recoñeceu o traballo de entidades como AGAFAN e garantiu o apoio e colaboración da

- O titular autonómico explicou que a partir do 1 de xaneiro do vindeiro ano a Xunta de Galicia concederá unha axuda directa de 100 euros mensuais por fillo ou filla que se fixará en función da renda per cápita. Esta achega servirá para afrontar gastos básicos como cueiros e alimentación e convivirá coas prestacións por fillo ou filla a cargo que a Administración autonómica ten xa establecidas.

Xunta. Ao respecto, apuntou cuestións pendentes para o ano 2016 como a inclusión dos descontos para as familias numerosas nos prezos públicos das residencias de tempo libre ou a elaboración dunha carta de acompañamento co envío do carné familiar ás familias numerosas.

Por último, o conselleiro de Política Social felicitou aos

galardoados neste VIII Congreso Galego de Familias Numerosas: os servizos informativos da TVG, Carrefour e o Concello de Oleiros, dos que salientou a súa contribución á mellora das condicións das persoas que integran este colectivo o que redundará no futuro na rexeneración da poboación de Galicia.

<http://www.agafan.net/>



Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 recollen 2,2M€ para a mobilidade transnacional dos mozos galegos

- O conselleiro de Política Social celebra a posición de liderado que ten Galicia “nas clasificacións nacionais de participación en temas de mobilidade e na aprendizaxe a través da educación non formal”
- Subliña estes dous ámbitos -a mobilidade e a educación non formal- como “dous piares básicos da Consellería de Política Social en materia de Xuventude”
- Compromete “todo o noso traballo diario para facer de Galicia un lugar mellor para todos e como non, para os mozos”
- En 2014 foron aprobados na Comunidade Autónoma galega 43 proxectos do programa Erasmus+ cun orzamento total de 920.781 euros e coa participación de 1.506 mozo
- Galicia xestiona o 9,24% do orzamento do Erasmus+ a nivel nacional.

Melide (A Coruña), 24 de outubro de 2015.-

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou nun encontro con 100 mozos e mozas de toda España participantes no Evento anual de Servizo Voluntariado Europeo (SVE). O titular da carteira social, que cualificou o encontro como unha “magnífica oportunidade”, destacou tamén a aposta da Xunta de Galicia por programas de mobilidade que vén referendada nos orzamentos para 2016 “cun aumento de preto do 2.100% desde 2009 nas axudas a este eido” e que supón un orzamento total para o ano que vén duns 2.2 millóns de euros. Nesta partida inclúese o programa Galeuropa e outras axudas para o fomento da mobilidade transnacional dos mozos galegos.

O encontro celebrado en Melide e que tamén contou coa asistencia da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, está organizado polo Instituto da Xuventude (INJUVE) do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade xunto cos organismos de Xuventude das comunidades autónomas españolas a través da Axencia Nacional Española do programa Erasmus+. O conselleiro valorou a importancia deste programa porque ademais de ofrecer aos rapaces un espazo de encontro onde intercambiar experiencias e propoñer áreas de

mellora, “fomenta a mobilidade dentro e fóra da Unión, a aprendizaxe non formal, a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos independentemente do seu contexto social, educativo ou cultural”.

Nesta liña, Rey Varela apuntou cara á mobilidade e á educación non formal como “dous piares básicos da Consellería de Política Social en materia de Xuventude”. De feito, a directora xeral de Xuventude está a manter varios encontros territoriais de información xuvenil nas principais vilas galegas cos profesionais da Rede galega de información xuvenil e con outros responsables locais nos que a educación non formal é a principal área temática tratada nas xuntanzas.

Deste xeito e grazas ao apoio da Xunta á mobilidade e á educación non formal, o responsable de Política Social celebrou a posición de liderado que ten Galicia “nas clasificacións nacionais de participación en temas de mobilidade e na aprendizaxe a través da educación non formal”. Así fixo fincapé en que en 2014 foron aprobados na Comunidade Autónoma galega 43 proxectos do programa Erasmus+ cun orzamento total de 920.781 euros e coa participación de 1.506 mozos, e sinalou que Galicia xestiona o 9,24% do orzamento do Erasmus+.

Ademais, no marco do programa Erasmus+: Xuventude en Acción, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado está a executar o proxecto Digal, co obxectivo de apoiar a formación da mocidade galega mediante a realización de prácticas laborais non retribuídas durante 60 días en cinco países europeos. O seu orzamento é de 277.135 € e 56 mozos realizan as súas prácticas en empresas de 5 países: Italia, Portugal, Irlanda, Francia e República Checa.

Perante estes datos, Rey Varela afirmou que “Galicia é referente en materia de Xuventude e

o vai seguir sendo” ao tempo que comprometeu “todo o noso traballo diario para facer de Galicia un lugar mellor para todos e como non, para os mozos”. “Unha Galicia máis nova”, concluíu.

Evento anual de Servizo voluntariado europeo

Os arredor de 100 participantes no evento anual de Servizo voluntariado europeo percorreron un treito de 2 quilómetros do Camiño de Santiago desde o campamento xuvenil de Furelos ata a vila de Melide. Unha vez alí os rapaces realizaron una actividade de rúa para dar a coñecer o programa Erasmus+.

O evento celebrado en Melide estivo coordinado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o INJUVE e contou coa colaboración da Rede española de ex voluntarios europeos (REVE) e a Escola de Tempo Libre Don Bosco.

Durante os tres días nos que tivo lugar o evento -do 23 ao 25 de outubro- realizáronse dous tipos de sesións. Por unha banda, estiveron centradas en dinámicas de avaliación baseadas na educación non formal, e por outra, ocupáronse das actividades de dinamización e visibilidade do programa Erasmus+, en especial do Servizo voluntariado europeo.

<http://xuventude.xunta.es/>



Máis de 300 mozos e mozas galegos participan en Xuventude Crea 2015, a “maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega”



Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2015.-

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, salientou que o programa Xuventude Crea 2015 “engloba a maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega”. Así o fixo durante a fase final do certame na especialidade de graffiti onde asegurou que os proxectos do programa son “ideados e executados polos mozos e mozas como unha expresión do seu talento e da súa creatividade; o talento e a iniciativa ao servizo da creación de proxectos artísticos”.

Cecilia Vázquez apuntou cara o papel das administracións en prol da xuventude porque “temos que ser capaces de ofrecer solucións e ferramentas que permitan a apertura dos nosos mozos e mozas cara á novidade da creación, a invención ou o descubrimento”. Así tamén apuntou cara a importancia de

“establecer ferramentas e o apoio necesario para que os mozos e mozas sexan capaces de desenvolver os seus valores e habilidades, conseguir que poidan manifestar a súa inxenuidade artística e cultural, ao mesmo tempo que se fomenta a creatividade xuvenil e se mostra o talento da mocidade galega”.

Na edición do 2015 presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo, para as once especialidades do certame: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti. Participan máis de 300 mozos e mozas galegos, ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos. Ao longo do mes de novembro terán lugar as fases finais do certame nas especialidades de teatro, moda, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias e música.

- Na edición do 2015 presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo, para as once especialidades do certame: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti.


Finalistas e premios

Nove son os finalistas da especialidade de graffiti do Xuventude Crea 2015: Silcoe (Marcos Lamas Bestilleiro, da Coruña) co traballo ‘O rostro do querer’; Honey (Miguel Aurelio Cajaraville Mosquera, de Baiona) coa obra ‘Vacaloura máxica’; Roxk 981 (Guillermo Ramírez Gaspar, da Coruña) con ‘Rock na cidade’; Maz (Marcos Fernández Cea, de Vigo) con ‘Xeometrías tropicais’; Mon Devane (Ramón Conde-Corbal Varela, de Ourense) co proxecto ‘Festa neón’; O

neto do Santos (Abraham Caride Fernández, de Ourense) coa obra ‘Enxebre’; Bublegum (Tirso Paz Sans, de Lugo) con ‘Mirada melosa’; D. Mayo (Daniel Mayobre López, da Coruña) con ‘Sen pausa’; e Daniel (Daniel Garrido García, de Vigo) co proxecto ‘Odisea na praia’.

Os premios serán 3.000 euros para o gañador, 1.500 euros para o segundo e 1.000 euros para o terceiro. E, por outra banda, o xurado tamén pode outorgar mencións de honra, sen dotación económica.





Manual técnico do 4º nivel do Sistema de información de usuarios de servizos sociais, SIUSS

Manual que xurdiu da necesidade de recoller as demandas, valoracións e recursos propios dos servizos sociais comunitarios existentes na nosa comunidade autónoma. O cambio de contexto no que se desenvolven estes servizos na actualidade levou a preparar a nova versión que aparece agora e na que se recolle unha panorámica revisada e actualizada dos recursos e demandas dos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

- Acceso:
- http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/manual_SIUSS.pdf



Xuventude Novas

Boletín de periodicidade mensual que recolle as novas máis salientables no ámbito da xuventude.



Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/XuventudeNovas_N64_Setembro2015.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- | | |
|---|---|
| • Xuventude novas. Nº 64, setembro 2015 | • Prevención de riesgos laborales en apicultura. Os Atende do Issga. Agro |
| • Biteb- Boletín informativo de Traballo e Benestar. Nº 111, outubro 2015 | • Primeiros auxilios no sector agrario e forestal. Feridas e hemoraxias |
| • Prevención de riscos laborais en apicultura. Os Atende do Issga. Agro | • Primeiros auxilios no sector agrario e forestal. Pautas básicas de actuación (protocolo PAS) e outras recomendación |
| • Prevención de riscos laborais en apicultura. Os atende do Issga. Agro | • Plan galego de persoas maiores 2010-2013: horizonte 2015. Informe de seguimento 2014 |
| • Prevención de riesgos laborales en apicultura. Os Atende do Issga. Agro | |

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop2>



- Resolución do 24 de setembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se declara de interese galego a Fundación Cáritas Diocesana Santiago de Compostela e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (DOG nº 189, do 02.10.2014).
- Orde do 24 de setembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a moratoria dos préstamos vinculados coa mellora de explotacións e incorporación das persoas mozas á actividade agraria, e se convoca para o ano 2015. (DOG nº 189, do 02.10.2014).
- Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. (DOG nº 190, do 05.10.2014).
- Orde do 30 de setembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cofinanciado por el Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 191, do 06.10.2014).
- Corrección de erros. Orde do 24 de setembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 12 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 193, do 08.10.2014).
- Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. (DOG nº 194, do 09.10.2014).
- Resolución do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria no ano 2015. (DOG nº 194, do 09.10.2014).
- Orde do 2 de outubro de 2015 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de bolsas e axudas destinadas ás persoas traballadoras desempregadas que participen nas accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2015, convocadas pola Orde do 28 de maio de 2015. (DOG nº 196, do 14.10.2014).
- Orde do 9 de outubro de 2015 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2016. (DOG nº 197, do 15.10.2014).
- Resolución do 14 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 25 de marzo de 2015 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 198, do 16.10.2014).
- Orde do 9 de outubro de 2015 pola que se modifica a Orde do 29 de maio de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2015. (DOG nº 202, do 22.10.2014).

Normativa das comunidades autónomas:

- | | | |
|--|---|--|
| Andalucía
http://www.juntadeandalucia.es/eboja/ <ul style="list-style-type: none">• Resolución de 7 de outubro de 2015, de la Presidencia del Parlamento de Andalucía, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de Convalidación del Decreto-ley 5/2015, de 15 de septiembre, por el que se modifican el objeto y los fines de las agencias públicas Servicio Andaluz de Empleo y Agencia Pública Andaluza de Educación y | Formación, estableciendo el procedimiento para culminar la integración de la Red de Consorcios Escuela de Formación para el Empleo. (BOJA de 19.10.2015) <ul style="list-style-type: none">• Resolución de 14 de octubre de 2015, de la Dirección Gerencia del Servicio Andaluz de Empleo, por la que se convocan para el año 2015 la concesión de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva para los Programas de Orientación Profesional, Acompañamiento a la Inserción y | Experiencias Profesionales para el Empleo regulados en la Orden de 20 de marzo de 2013, que se cita. (BOJA de 21.10.2015) <ul style="list-style-type: none">• Orden de 18 de octubre de 2015, por la que se realiza la distribución de créditos correspondientes a la convocatoria de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva, en el ámbito de la Consejería de Igualdad y Políticas Sociales, para el ejercicio 2015. (BOJA de 22.10.2015). |
|--|---|--|

Aragón<http://benasque.aragob.es/>**Asturias**<http://www.asturias.es/bopa>

- Resolución de 30 de septiembre de 2015, de la Consejería de Empleo, Industria y Turismo, por la que se aprueba la primera modificación de las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a la inserción laboral de las personas con discapacidad en los Centros Especiales de Empleo del Principado de Asturias aprobadas por Resolución de la Consejería de Economía y Empleo de 26 de agosto de 2013 (BOPA de 30 de septiembre). (BOPA de 07.10.2015)
- Resolución de 30 de septiembre de 2015, del Servicio Público de Empleo del Principado de Asturias, por la que se modifica parcialmente la Resolución de 25 de junio de 2015, del Servicio Público de Empleo del Principado de Asturias, por la que se convocan subvenciones públicas para 2015-2016, con destino a la financiación de planes de formación para el empleo dirigidos prioritariamente a los trabajadores/as ocupados/as. (BOPA de 07.10.2015)
- Resolución de 30 de septiembre de 2015, de la Consejería de Empleo, Industria y Turismo, por la que se aprueban las bases reguladoras de las subvenciones para la puesta en práctica de programas de acompañamiento para el empleo. (BOPA de 15.10.2015)
- Resolución de 14 de octubre de 2015, de la Consejería de Presidencia y Participación Ciudadana, por la que se ordena la publicación del Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Servicios y Derechos Sociales, y el Ayuntamiento de ... para la gestión del programa contra la pobreza infantil en el Principado de Asturias durante el año 2015. (BOPA de 21.10.2015, 22.10.2015, 23.10.2015 y 27.10.2015)
- Resolución de 13 de octubre de 2015, de la Consejería de Presidencia y Participación Ciudadana, por la que se ordena la publicación de la Adenda al Convenio de Colaboración suscrito entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda (actualmente Consejería de Servicios y Derechos Sociales), y el

Ayuntamiento de ... para el desarrollo de prestaciones básicas de servicios sociales en el ejercicio 2015. (BOPA de 23.10.2015)

- Decreto 174/2015, de 21 de octubre, por el que se regula la estructura, régimen interior y funcionamiento del Instituto Asturiano para la Atención Integral a la Infancia. (BOPA de 27.10.2015).

Islas Baleares<http://www.caib.es/boib/?lang=es>

- Resolución del consejero de Trabajo, Comercio e Industria y presidente del SOIB, de 15 de octubre de 2015, por la cual se aprueba por el procedimiento de urgencia la convocatoria de subvenciones para 2015 para presentar proyectos mixtos de empleo y formación para personas jóvenes de Garantía Juvenil, cofinanciado por el Fondo Social Europeu, a través del Programa Operativo de Empleo Juvenil para el periodo 2014-2020 y de la Iniciativa de Empleo Juvenil. (BOIB de 20.10.2015)
- Resolución del consejero de Trabajo, Comercio e Industria, presidente del SOIB, por la que se modifica el plazo de ejecución de las actividades subvencionadas en el marco de la convocatoria de subvenciones aprobada por Resolución del consejero de Economía y Competitividad, de 5 de mayo de 2015, con el objeto de financiar especialidades formativas dirigidas prioritariamente a trabajadoras y trabajadores desocupados de inglés A1, A2, B1, B2 y C1 y para la presentación de solicitudes de ayudas para transporte, manutención y alojamiento, de becas cuando se trate de personas con discapacidad desocupadas y ayudas a la conciliación, para el periodo 2015-2016. (BOIB de 20.10.2015)
- Resolución del consejero de Trabajo, Comercio e Industria y presidente del Servicio de Empleo de las Islas Baleares, de 9 de octubre de 2015, por la cual se abre la convocatoria de subvenciones públicas para programas específicos de formación dirigidos a los colectivos con especiales dificultades de inserción en el mercado laboral, y para presentar las solicitudes de ayudas para transporte, manutención y alojamiento, discapacidad y conciliación, para el periodo 2015-2017. (BOIB de 20.10.2015)

- Resolución del consejero de Trabajo, Comercio e Industria y presidente del Servicio de Empleo de las Islas Baleares, de 20 de octubre de 2015, por la cual se aprueba por el procedimiento de urgencia la convocatoria de subvenciones para las corporaciones locales destinadas a financiar proyectos de mejora de la empleabilidad de los trabajadores desocupados de más edad, de la cual se prevé el cofinanciamiento en un 50% con cargo al Programa Operativo FSE 2014-2020 de las Islas Baleares. (BOIB de 22.10.2015).

Canarias<http://www.gobiernodecanarias.org/boc/>

- Resolución de 24 de septiembre de 2015, de la Presidenta, por la que se procede a la ampliación del crédito disponible para la convocatoria de subvenciones a las unidades de apoyo a la actividad profesional, en el marco de los servicios de ajuste de personal y social de los centros especiales de empleo, del ejercicio 2015. (BOC de 07.10.2015)
- Resolución de 13 de octubre de 2015, de la Presidenta, por la que se aprueban las bases reguladoras y se convoca el procedimiento para la concesión de subvenciones destinadas a la financiación del programa de formación en alternancia con el empleo para el ejercicio 2015 en régimen de concurrencia competitiva. (BOC de 15.10.2015)
- Resolución de 16 de octubre de 2015, de la Presidenta, por la que se procede a la ampliación de la dotación económica prevista en el resuelto tercero de la Resolución de 23 de junio de 2015, que convoca para el ejercicio 2015 la concesión de subvenciones dirigidas a la inserción sociolaboral en empresas de inserción y a la inserción laboral definitiva en el mercado de trabajo ordinario de personas en situación de exclusión social, cofinanciadas por el Fondo Social Europeo. (BOC de 26.10.2015)
- Resolución de 26 de octubre de 2015, de la Presidenta, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones para la realización de acciones de orientación profesional para el empleo y asistencia para el autoempleo, a entidades colaboradoras sin ánimo de lucro, en el ejercicio 2015. (BOC de 29.10.2015).

Cantabria<http://www.boc.cantabria.es/boces/>

- Orden HAC/35/2015, de 28 de septiembre, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria para el ejercicio 2015-2017, de las subvenciones en materia de formación de oferta mediante la ejecución de planes formativos dirigidos prioritariamente a las personas trabajadoras ocupadas. (BOC de 01.10.2015)
- Resolución de 1 octubre de 2015, por la que se acuerda la tramitación de urgencia al procedimiento administrativo iniciado por Orden HAC/33/2015, de 25 de septiembre, por la que se establecen las bases reguladoras y se convocan para el año 2015 las subvenciones en el ámbito de los programas de Escuelas Taller y Casas de Oficios, y de Talleres de Empleo. (BOC de 09.10.2015)
- Orden HAC/37/2015, de 5 de octubre, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria para el año 2015 de subvenciones del programa de empleo con apoyo como medida de fomento de empleo de personas con discapacidad en el mercado ordinario de trabajo. (BOC de 19.10.2015)
- Resolución de 1 de octubre de 2015, de la directora del Servicio Cántabro de Empleo, por delegación del consejero de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se acuerda la aplicación de la tramitación de urgencia al procedimiento administrativo iniciado por la Orden HAC/34/2015, de 25 de septiembre de 2015, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria correspondiente a 2015, de las subvenciones en materia de formación de oferta, consistentes en la ejecución de acciones formativas dirigidas prioritariamente a personas trabajadoras desempleadas. (BOC de 21.10.2015)
- Resolución de 2 de octubre de 2015, de la directora del Servicio Cántabro de Empleo, por delegación del consejero de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se acuerda la aplicación de la tramitación de urgencia al procedimiento administrativo iniciado por la Orden HAC/35/2015, de 28 de septiembre de 2015, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria

para el ejercicio 2015-2017, de las subvenciones en materia de formación de oferta mediante la ejecución de planes formativos dirigidos prioritariamente a las personas trabajadoras ocupadas. (BOC de 21.10.2015).

Castilla-La Mancha<http://www.docm.castillalamancha.es/>

- Resolución de 04/09/2015, de la Dirección Provincial de Bienestar Social de Toledo, por la que se hacen públicas las adendas a los convenios de colaboración suscritos en virtud de lo establecido en el Decreto 181/2009 de 1 de diciembre, sobre los convenios de colaboración con las entidades locales para el desarrollo de las prestaciones sociales básicas de la Red Pública de Servicios Sociales de ámbito supramunicipal. (DOCM de 01.10.2015)
- Convenios. Resolución de 07/09/2015, de la Dirección Provincial de Bienestar Social de Toledo, por la que se hacen públicas las adendas a los convenios de colaboración suscritos en virtud de lo establecido en el Decreto 181/2009 de 1 de diciembre, sobre los convenios de colaboración con las entidades locales para el desarrollo de las prestaciones sociales básicas de la Red Pública de Servicios Sociales en el marco del Plan Concertado. (DOCM de 01.10.2015)
